



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) PARA A FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA PARA O ANO 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral ten previsto formalizar coa **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31/03/2017 ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a EGAP para potenciar actividades de normalización do uso do galego na Administración autonómica, especialmente no eido da formación do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades locais galegas, da Administración de xustiza de Galicia, dos entes instrumentais do sector público autonómico, das institucións públicas autonómicas e do persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas, para o ano 2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Escola Galega de Administración Pública acordan subscribir este convenio de colaboración para o ano 2017 co fin de materializar a cooperación para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a cal establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten, entre outras, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, e a Escola Galega de Administración Pública, as de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e promoción e difusión do idioma galego.

Así mesmo a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, establece entre os seus fins, organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de





formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración pública da comunidade autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, o día 22 de setembro de 2004 recolle entre os seus obxectivos o de conseguir unha mellora nas actitudes do persoal ao servizo das administracións públicas cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren, en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional; conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 17 de abril de 2017.

